

c) Localidade e código postal: Moraña 36660.

9.—*APERTURA DAS OFERTAS:*

- a) Entidade: Concelio de Moraña.
- b) Domicilio: Rúa 1 nº 2. Santa Lucía.
- c) Localidade e código postal: Moraña 36660.
- d) Data e hora: ás doce horas do día seguinte hábil ó da terminación do prazo sinalado para a presentación de proposicións, sempre que non coincida en sábado, en tal caso será ó día seguinte hábil.

10.—*GASTOS DE ANUNCIOS:*

Por conta do adxudicatario.

11.—*PERFIL DO CONTRANTE ONDE FIGURA O ANUNCIO DA CONVOCATORIA E PARA A OBTENCIÓN DO PREGO:*

www.morana.org

Moraña, a 23 de xullo de 2008.—O Alcalde, José A. Eiras Paz. **2008007966**

* * *

PONTEAREAS

A N U N C I O

De conformidade cos artigos 17.3 e 17.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícanse os textos íntegros das Modificacións de Ordenanzas que quedan elevadas automaticamente a definitivas unha vez rematado o período de exposición pública:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE VISITAS A MUSEOS, EXPOSICIÓNS, BIBLIOTECAS, MONUMENTOS HISTÓRICOS OU ARTÍSTICOS, PARQUES ZOOLOXICOS OU OUTROS CENTROS OU LUGARES ANÁLOGOS

1.—*TAXA POR SERVIZOS NA BIBLIOTECA MUNICIPAL*

- Pola venda ou suministro de un disquete, para copiar algún documento elaborado nos ordenadores: 0,60 euros.
- Por cada folio impreso na impresora da biblioteca: 0,03 euros.
- Servicio de reprodución ou fotocopias: 0,06 euros.

Elimínase a taxa pola utilización de Internet.

Elimínase a taxa polo servizo de videotex.

2.—*TAXA DE VISITA E CESIÓN DE LOCAIS NO CASTELO DE SOBROSO.*

a) VISITAS:

- Visita: individual: 0,60 euros.
- Menores de 14 anos: gratuíta
- Visita colectiva: 9,00 euros.
- Visitas de estudantes acompañados de profesores: Gratuíta.

b) CESIÓN PARA REALIZAR ACTIVIDADES NO CASTELO DO SOBROSO:

- Media xornada: 60,00 euros.
- Xornada completa: 90,00 euros.

Elimínase a taxa pola celebración de vodas posto que xa existe unha ordeanza específica.

3.—*VENDA DE PUBLICACIÓNS:*

- Revista Pregón: 1,80 euros.
- SOBEROSUM, Revista de estudos do museo municipal: 9,00 euros.
- Libro Reveriano Soutullo: 6,00 euros.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE VIXIANCIA ESPECIAL DOS ESTABLECEMENTOS QUE O SOLICITEN

ARTIGO 7.—*DEVENGO*

a) cando se trate de servizos non periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade

b) Cando se trate de servizos periódicos:

Percíbese a taxa e nace na obriga de contribuir o primeiro día de cada ano natural, excepto no momento de alta no padrón, caso no que se percibirá a partir dese momento.

ARTIGO 8.—*NORMAS SOBRE INGRESO*

a) Cando se trate de servizos non periódicos:

— Cando se trate de servizos ou actividades que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, os suxeitos pasivos ingresarán polo procedemento de autoliquidación o importe das taxas resultantes de aplicación do ANEXO, e realizarán o ingreso da autoliquidación resultante nas entidades bancarias debidamente autorizadas.

— Cando se trate de servizos ou actividades que non se poidan cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación de servizo ou da realización da actividade, practícarase a autoliquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade, e realizarán o ingreso da autoliquidación resultante nas entidades bancarias debidamente autorizadas.

- b) Cando se trate de servicios periódicos .
Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas da taxa, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público

ANEXO:

Primeiro: TARIFA

- a) Pola superficie do establemento metro cuadrado e ano: 1,20 euros.
b) Por fachada establecemento, metro lineal ano: 12,00 euros.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS, DERRUBAMENTOS, SALVAMENTOS OU FUNDAMENTOS TOTAIS OU PARCIAIS DE CONSTRUCCIÓN

NO ARTIGO 2º, O PUNTO 1 QUEDA COMO SIGUE:

“Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, que soliciten o resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades locais que presten ou realicen as entidades locais conforme a algún dos supostos previstos no artigo 20.4.k do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

No artigo 2ª, o apartado 2 queda redactado como sigue:

“Nas taxas establecidas pola pretación de servicios de prevención i extinción de incendios, de prevención de ruinas, construcións e derrubos, salvamentos e en xeral de protección de persoas e bens, correspondendo tamén o mantemento do servicio, terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.”

No artigo 2ª, o apartado 3 queda redactado como sigue:

“Nas taxas establecidas por razón de servicios ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte os propietarios de ditos inmobles, os cales poden repercutir, no seu caso, nas cotas sobre os respectivos beneficiarios”.

No artigo 4ª onde di “anuais “debe decir “mensuais”

No artigo 8ª, queda redactado como sigue:

“En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponda no seu caso, estarase ao disposto na lei Xeral Tributaria”.

A disposición Adicional eliminase da ordenanza”.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASSETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN S OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA

“No artigo 1 queda redactado como sigue:

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.L. 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, tendo en conta o disposto na Lei 10/1998, de Ordenación do Comercio interior de Galicia e Decreto 204/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante, este Concello establece a Taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculo ou atraccións situados en terreos de uso público e industrias ruantes e ambulantes, e rodaxe cinematográfica, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do citado R.D.L. 2/2004.

No artigo 2 queda redactado como sigue:

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a reserva ou utilización privativa e aproveitamento especial da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, industrias ruantes ou ambulantes, ou para rodaxe cinematográfica.

Tamén será feito imponible de acordo co artigo 22 e seguintes da Lei de Ordenación do Comercio Interior de Galicia e o disposto no Decreto de Ordenación da Venda Ambulante e Regulamento Municipal de Venda Ambulante, o depósito das mercancías cando fosen incautadas ou decomisadas polos axentes da Policía Local, por non reunir as condicións de venda, carecer de licenzia preceptiva o vendedor ou non se axuste as condicións da mesma, quedando depositadas en dependencias municipais ata que se subsanen as deficiencias ou xustifique a procedencia, en todo caso, quedarán un mínimo de oito días en depósito, debendo abonar previamente as taxas correspondentes para a devolución das mesmas.

No artigo 3 queda redactado como sigue:

ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria no favor de quen se outorguen as licenzias, ou quen se beneficie do aproveitamento, se procedese sen a oportuna autorización.

No artigo 4 queda redactado como sigue: